Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia

XUNTA DE GOBERNO · PRESENTACIÓN

Carta da Presidenta

Rosario Capelo Casas
Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia

A Xunta de Goberno que teño a honra de presidir asume a responsabilidade de representar o Traballo Social en Galicia, conscientes do compromiso que implica situarse á fronte dunha institución que, con distintas denominacións e soportes xurídicos ao longo do tempo, cumprirá sesenta anos de traxectoria durante o noso mandato.

Cando, en 1967, un grupo de mulleres decidiu crear unha entidade que representase a profesión e contribuíse á súa identificación social, o contexto histórico, social e político era moi diferente ao actual. Porén, daquela como hoxe, mantense intacto o compromiso coa profesión: traballar para que a autoestima e o recoñecemento social do Traballo Social se correspondan coa realidade do seu papel esencial na sociedade.

Desde os seus inicios, a nosa organización asumiu tamén a responsabilidade de promover unha sociedade comprometida cos principios recollidos na Declaración Universal dos Dereitos Humanos, incidindo nos cambios sociais baseados na xustiza social, no respecto á diversidade e nunha comprensión sistémica da estrutura social.

Cada etapa histórica presenta os seus propios retos, oportunidades e ameazas. A mirada retrospectiva permítenos comprender mellor a evolución tanto da profesión como da sociedade á que serve. A actual Xunta de Goberno tomou posesión nas datas previas á conmemoración do Día Mundial do Traballo Social, celebrado baixo o lema “Construír esperanza e harmonía”, nun contexto internacional marcado por guerras e xenocidios brutais que dinamitan o papel de institucións como Nacións Unidas e que obriga á profesión a nivel internacional a posicionarse fronte á chamada nova orde mundial. Estas liñas van a marcar os obxectivos do noso mandato, que representan a orientación transversal da acción do Traballo Social e fin último de todas as accións profesionais, tendo presente o ecosistema onde temos que actuar.

En Galicia, o noso ámbito de actuación, existen ademais circunstancias específicas que cómpre atender, algunhas compartidas co conxunto do Estado e outras propias da nosa realidade. Entre elas, salientamos:

01 **A crise da vivenda**, que ameaza con provocar un retroceso nos niveis de calidade de vida de amplas capas da poboación.

02 **O envellecemento demográfico**, que require respostas sociais e comunitarias adaptadas.

03 **O avance de perspectivas individualistas e insolidarias**, que cuestionan os principios fundamentais da profesión.

04 **O rexeitamento de avances en igualdade entre mulleres e homes**, que nos obriga a reforzar estratexias para garantir a transversalidade do feminismo na práctica profesional.

05 **A proliferación de solucións simplistas para problemáticas complexas**, que poñen en risco intervencións rigorosas baseadas no coñecemento das ciencias sociais e a adecuada atención aos colectivos máis vulnerables.

06 **A aplicación de criterios que priorizan o aforro económico e a homoxeneización social**, en detrimento do recoñecemento da diversidade.

A abordaxe eficiente destes desafíos esixirá compromiso, capacidade de análise e enerxía colectiva. Con todo, ningún obxectivo será alcanzable sen a implicación activa das traballadoras e traballadores sociais de Galicia, pois o noso é, por definición, un proxecto colectivo.

> **O noso é, por definición, un proxecto colectivo.**

Por iso, apostamos por fortalecer a participación e a colaboración no ámbito colexial, integrando a diversidade que caracteriza á nosa profesión. Procuraremos o entendemento e os puntos de encontro que nos permitan avanzar de maneira construtiva, sen descoidar as condicións laborais, xa que o benestar profesional constitúe unha base imprescindible para garantir o benestar social.

Contamos con todas e todos vós como a mellor, e imprescindible, compaña nesta etapa dun longo camiño: a construción do Traballo Social.

Rosario Capelo Casas

Presidenta do Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia